

# **APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4.1.C) DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS PARA ADAPTALO AOS REQUISITOS ESIXIDOS NO ARTIGO 81.4 DA LEI 9/2021, DE 25 DE FEBREIRO DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA (CIVIDAS 2023047006)**

## **Anuncio aprobación provisional**

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 28/12/2023, aprobou provisionalmente a modificación do artigo 4.1.C) da Ordenanza fiscal núm. 5 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras para adaptalo aos requisitos esixidos no artigo 81.4 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo que, de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 107 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese a dita aprobación a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, así como nun dos diarios de maior difusión desta e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ferrol. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este prazo poderán consultar o expediente e presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas, entendéndose definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno do Concello no suposto de que, no prazo sinalado, non se tivera producido ningunha reclamación ou suxerencia, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de xeito íntegro entrando en vigor na data da súa publicación definitiva.

Ferrol, 3 de xaneiro de 2024

A concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, RRHH e Estatística por acordo da Xunta de Goberno Local de 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023)

Susana María Sanjurjo Fraga